

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**19398** *Real decreto 1628/2011, do 14 de novembro, polo que se regulan a Lista e o Catálogo español de especies exóticas invasoras.*

As especies exóticas invasoras constitúen unha das principais causas de perda de biodiversidade no mundo, circunstancia que se agrava en hábitats e ecosistemas especialmente vulnerables como son as illas e as augas continentais. A introdución destas especies invasoras pode ocasionar graves prexuízos á economía, especialmente á produción agrícola, gandeira e forestal, e mesmo á saúde pública.

A nivel internacional existe unha gran preocupación pola crecente expansión destas especies. Froito disto é que o Convenio de Nacións Unidas sobre a diversidade biolóxica, ratificado por España en 1993, recoñeceu a existencia deste problema e estableceu no seu artigo 8.h que cada parte contratante, na medida das súas posibilidades, impedirá que se introduzan, controlará, ou erradicará as especies exóticas que ameacen os ecosistemas, os hábitats ou as especies. Neste contexto a nivel europeo, o Consello de Europa no marco do Convenio de Berna relativo á conservación da vida silvestre e ao medio natural en Europa, ratificado por España, elaborou no ano 2004 a Estratexia europea sobre especies exóticas invasoras.

No ámbito da Unión Europea, a Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres, establece no seu artigo 11 que os Estados membros velarán por evitar que a eventual introdución de especies de aves que non vivan normalmente en estado salvaxe no territorio europeo prexudique a fauna e flora locais. Pola súa parte, a Directiva 92/43/CEE, do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres, establece no seu artigo 22 que os Estados membros garantirán que a introdución intencionada na natureza dunha especie que non sexa autóctona do seu territorio se regule de modo que non prexudique a fauna e flora silvestres autóctonas, nin os seus hábitats naturais na súa zona de distribución natural e, se o consideran necesario, prohibirán a dita introdución. Neste contexto, en 2008, a Comisión Europea adoptou a Comunicación «Cara a unha Estratexia da Unión Europea sobre especies invasoras» (COM(2008) 789 final).

No ámbito mariño, a Unión Europea conta coa Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño, que ten como obxectivo alcanzar o bo estado ambiental do medio mariño para o ano 2020. Esta directiva foi trasposta á lexislación española a través da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. Ademais, no ano 2004, adoptouse o «Convenio internacional para o control e xestión da auga de lastre e sedimentos dos buques» ratificado por España (BOE do 25 de marzo de 2008), cuxa finalidade é evitar as invasións de especies alóctonas ou exóticas nos ecosistemas mariños e costeiros españois. Por outra parte a presenza de especies exóticas invasoras nas demarcacións hidrográficas pon en risco o cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos pola Directiva marco da auga 2000/60/CE do Parlamento Europeo e o Consello, do 23 outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas no seu artigo 4. Estas especies constitúen un risco para alcanzar o bo estado das masas de auga e por isto aparecen reflectidas nos esquemas de temas importantes das demarcacións.

Pola súa banda, o Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio, que regula a aplicación do Convenio CITES no territorio da

Unión Europea, permite a inclusión nos seus anexos de especies cuxa introdución no ambiente natural da Unión Europea constitúe unha ameaza ecolóxica para as especies silvestres autóctonas. A aplicación do anterior regúlase mediante regulamentos, que se actualizan periodicamente, nos cales se establece a suspensión da introdución de especies na Unión Europea.

Estudos científicos do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) demostraron que a maioría das aves exóticas de orixe silvestre importadas cando escapan ou se liberan ao medio natural, se adaptan e sobreviven ben no novo medio e se converten en especies exóticas invasoras, polo que existe un alto risco para o ambiente e o home ao seren moitas delas portadoras de axentes patóxenos. Neste contexto a Unión Europea coa aprobación do Regulamento (CE) n.º 318/2007 da Comisión, do 23 de marzo de 2007, polo que se establecen condicións zoonitarias para a importación de determinadas aves na Comunidade e as correspondentes condicións de corentena prohibiu en todo o territorio europeo a importación de aves exóticas de orixe silvestre debido ao risco que supón para a saúde a importación destas aves exóticas.

A nivel nacional desde o ano 1989 estaba sometida á autorización administrativa a introdución de especies alóctonas pola Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre, e polo Real decreto 1118/1989, do 15 de setembro, polo que se determinan as especies obxecto de caza e pesca comercializables e se ditan normas ao respecto e desde 1995 a introdución ou liberación non autorizada de especies alóctonas prexudiciais para o equilibrio biolóxico figura como delito contra o ambiente na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal. A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, establece restricións e prohibicións á introdución no noso país de vexetais alóctonos e organismos nocivos que poidan afectar negativamente a economía e o ambiente. Neste contexto ditáronse normas que prohiben a posesión, cría, transporte, tráfico e comercio exterior e interior das especies «*Pomacea insularum*» e «*Pomacea canaliculata*», en particular, a Orde ARM/2090/2011, do 22 de xullo, pola que se establecen medidas provisionais de protección fronte ao caracol mazá «*Pomacea insularum* e *Pomacea canaliculata*» e a Orde ARM 2294/2011, do 19 de agosto, pola que se modifica a anterior. Pola súa parte, a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, identificou, a través do Real decreto 2090 /2008, do 22 de decembro, de desenvolvemento parcial da dita lei, como axente causante de dano biolóxico, entre outros, as especies exóticas invasoras. Desta maneira, a prevención, evitación e reparación dos danos ambientais que se poidan xerar realizáranse conforme o disposto na citada normativa.

O avance normativo máis notable na loita contra as especies exóticas invasoras supúxoo a promulgación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, que no seu artigo 52.2, establece que as administracións públicas competentes prohibirán a introdución de especies, subespecies ou razas xeográficas alóctonas cando estas sexan susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos. Ademais, o artigo 61.1 crea o Catálogo español de especies exóticas invasoras, no cal se deben incluír todas aquelas especies e subespecies exóticas invasoras que constituían, de feito, ou poidan chegar a constituír unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía, ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural. Este catálogo terá carácter administrativo e ámbito estatal, e dependerá do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (en diante MARM), quen especificará a súa estrutura e funcionamento, e será regulado regulamentariamente. Complementariamente, o artigo 61.4, prescribe a necesidade de seguimento das especies exóticas con potencial invasor.

Neste contexto, este real decreto desenvolve as disposicións sobre especies exóticas da Lei 42/2007, do 13 de decembro, establece a estrutura, o funcionamento e o contido do Catálogo español de especies exóticas invasoras, e especifica os procedementos administrativos para a inclusión ou exclusión de especies exóticas invasoras, os contidos

e procedementos de elaboración e aprobación das estratexias, así como aquelas medidas necesarias para previr a introdución e evitar a propagación destas.

Como paso previo á catalogación, considerouse conveniente establecer unha Lista de especies exóticas con potencial invasor, na cal se poderán incluír todas aquelas especies que cumpran ou poidan cumprir as condicións establecidas no artigo 61.4 da citada lei.

Na elaboración deste real decreto foron consultados a Comisión e o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Así mesmo, someteuse ao procedemento de información pública que prevé para normas de incidencia ambiental os artigos 16 e 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é a regulación do Catálogo español de especies exóticas invasoras (en diante o Catálogo) e da Lista de especies exóticas con potencial invasor (en diante a Lista) e en concreto, establecer:

- a. As características, contidos, criterios e procedementos de inclusión ou exclusión de especies no Catálogo e na Lista.
- b. As medidas necesarias para previr a introdución de especies exóticas invasoras e para o seu control e posible erradicación.
- c. As características e o contido das estratexias de xestión, control e posible erradicación das especies exóticas invasoras.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos da presente norma enténdese por:

Análise de riscos: procedemento polo cal se avalían as consecuencias da introdución e a probabilidade de establecemento no medio natural dunha especie exótica.

Animal asilvestrado: espécime animal de procedencia doméstica, que se move libremente no medio natural e cuxo ciclo biolóxico ou parte del se desenvolve á marxe da intervención humana.

Animais de produción: os animais de produción, reprodución, ceba ou sacrificio, incluídos os animais de peletaría ou de actividades cinexéticas, mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos, ou produtos de orixe animal para calquera uso industrial ou outro fin comercial ou lucrativo.

Animais de compañía: os animais domésticos que as persoas manteñen xeralmente no fogar para obter compañía por pertenceren a especies que críe e posúa tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir en domesticidade no fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas cegas ou con deficiencia visual grande ou severa.

Animais domésticos: aqueles animais que pertencen a especies que habitualmente se crían, se reproducen e conviven con persoas e que non pertencen á fauna salvaxe, tendo tamén esta consideración os animais que se crían para a produción de carne, pel ou algún outro produto útil para o ser humano, os animais de carga e os que traballan en agricultura.

Animal de compañía exótico: animal da fauna salvaxe non autóctona que de maneira individual depende dos humanos, convive con eles e asumiu o costume do cativerio.

Invasión: acción dunha especie invasora debida ao crecemento da súa poboación e á súa expansión, que comeza a producir efectos negativos nos ecosistemas onde se introduciu.

Control: a acción da autoridade competente ou a autorizada ou supervisada por esta, destinada a reducir a área de distribución, limitar a abundancia e densidade ou impedir a dispersión dunha especie exótica invasora.

Especie nativa ou autóctona: a existente dentro da súa área de distribución e de dispersión natural.

Especie exótica ou alóctona: refírese a especies, subespecies ou taxons, incluíndo as súas partes, gametos, sementes, ovos ou propágulos que poidan sobrevivir ou reproducirse, introducidos fóra da súa área de distribución natural e da súa área potencial de dispersión, que non tería podido ocupar sen a introdución directa ou indirecta, ou sen o coidado do home.

Especie exótica con potencial invasor: especie exótica que se podería converter en invasora en España e, en especial, aquela que demostrou ese carácter noutros países ou rexións de condicións ecolóxicas semellantes.

Especie exótica invasora: especie exótica que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural, e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor ou polo risco de contaminación xenética.

Erradicación: proceso tendente á eliminación de toda a poboación dunha especie.

Fomento: conxunto de medidas adoptadas no medio natural co fin de incrementar a distribución dunha especie e, no caso de illas, a súa poboación, e que van dirixidas ao mantemento, conservación ou recuperación ou das súas poboacións ou hábitats, incluídos os reforzamentos.

Híbrido: o exemplar procedente do cruzamento reprodutivo de exemplares de especies diferentes.

Introdución: desprazamento ou movemento dunha especie fóra da súa área de distribución natural, xerado por acción humana directa ou indirecta.

Xardíns botánicos: refírese a aqueles núcleos botánicos que participan na conservación de especies vexetais directamente ou mediante a investigación científica e fomentan a educación e a concienciación da conservación da biodiversidade.

Planta asilvestrada: espécime de vexetal que crece en estado silvestre pero procede de semente ou outro tipo de propágulo de planta cultivada de estirpe doméstica.

Recintos vinculados a actividades humanas illados do medio natural: instalacións estancas e con límites definidos, utilizadas para actividades humanas e illadas e sen posibilidade de dispersión das especies nin comunicación directa co medio natural; neles inclúense as balsas de rega, os estanques artificiais, invernadoiros e similares.

Para os efectos deste real decreto a referencia á especie comprende calquera especie, subespecie, variedade e raza xeográfica.

### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. A presente norma aplicarase no territorio do Estado español e nas augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición española, incluíndo a zona económica exclusiva e a plataforma continental.

2. O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das accións de cooperación internacional ou da xurisdición do Estado español sobre persoas e buques, aeronaves ou instalacións nos supostos previstos no artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

## CAPÍTULO II

### Do Catálogo e da Lista

#### Artigo 4. *Contido e características.*

1. No Catálogo, de acordo co artigo 61.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, inclúense as especies exóticas para as cales exista información científica e técnica que indique que constitúen unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural. As especies que integran o Catálogo de especies exóticas invasoras son as que aparecen indicadas no anexo I.

2. Na Lista inclúense as especies exóticas susceptibles de se converter nunha ameaza grave por competiren coas especies silvestres autóctonas, alteraren a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos e aquelas especies exóticas con potencial invasor, de acordo co artigo 61.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, en especial as que demostraron ese carácter noutros países ou rexións, co fin de propor, chegado o caso, a súa inclusión no Catálogo. Así mesmo, inclúense na Lista as especies consideradas como exóticas invasoras en disposicións ou normas de ámbito nacional ou europeo e en instrumentos internacionais ratificados por España, sempre e cando non se trate de especies autóctonas. As especies que integran a Lista de especies exóticas con potencial invasor son as que aparecen indicadas no anexo II.

3. O Catálogo e a Lista son rexistros públicos de carácter administrativo e de ámbito estatal, cuxa custodia e mantemento dependen administrativamente do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (en diante MARM). A información contida no rexistro da Lista e do Catálogo é pública, e o acceso a ela regúlase segundo o disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

4. O Catálogo e a Lista intégranse no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

#### Artigo 5. *Procedementos de inclusión ou exclusión de especies.*

1. A inclusión ou exclusión dunha especie na Lista ou Catálogo español de especies exóticas invasoras será realizada polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, logo da iniciativa das comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla ou do propio Ministerio.

2. Coa información técnica remitida, así como con aquela outra da cal puiden dispor o MARM, a Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal elaborará unha memoria técnica xustificativa que se remitirá á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Esta comisión aprobará unha proposta e remitirá de novo á Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, quen valorará se hai ou non razóns que xustifiquen a súa inclusión ou exclusión do Catálogo e da Lista.

Para asistir á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade en materia de especies exóticas consultarase co Comité Científico previsto no artigo 7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

3. Calquera cidadán ou organización poderá solicitar á Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal a iniciación do procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie ou subespecie na Lista ou no Catálogo. A solicitude deberá ser motivada e ir acompañada da información técnica ou científica xustificativa, así como das referencias dos informes técnicos e publicacións científicas que apoiem a dita solicitude. Esta dirixirase á Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal e poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Igualmente poderá

presentarse polos medios electrónicos, de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

En caso de que a solicitude sexa defectuosa ou incompleta, requirirase o solicitante para que emende os defectos advertidos ou presente a documentación complementaria no prazo de tres meses.

Transcorrido este prazo sen que o solicitante emende os ditos defectos ou presente a documentación complementaria, acordarase o arquivo do expediente e notificaráselle ao solicitante. No caso de que o solicitante emende os defectos ou presente a documentación complementaria no tempo previsto, continuarase coa tramitación.

Unha vez valorada a solicitude, a Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal notificará a súa decisión de forma motivada ao solicitante no prazo máximo de seis meses desde a data de recepción da solicitude na Dirección Xeral, o que poñerá fin á vía administrativa.

Transcorrido o prazo máximo de seis meses sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a súa petición. Conforme o disposto no artigo 116 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, a resolución poderá ser impugnada potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a ditase ou ser impugnada directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Os prazos para a interposición do recurso potestativo de reposición serán os establecidos no artigo 117 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, e para o recurso contencioso-administrativo os establecidos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Só se poderán incluír no Catálogo e na Lista especies que fosen descritas taxonomicamente nunha publicación científica de recoñecido prestixio e fosen aceptadas pola comunidade científica.

5. Caso de se constatar a existencia dunha ameaza grave producida pola aparición dunha especie exótica invasora non incluída no Catálogo ou na Lista, o procedemento tramitarase con carácter urgente.

6. Unha vez finalizada a tramitación, o proxecto de orde que conteña a modificación do anexo ou dos anexos deste real decreto para incluír ou excluír algunha especie elevarase ao titular do departamento para a súa aprobación, conforme o disposto no artigo 61.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e, posteriormente, publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

#### Artigo 6. *Análise de riscos.*

1. Para as especies exóticas non incluídas no Catálogo e logo de iniciar o procedemento definido no artigo 5, a Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal realizará, con consulta previa ao Comité Científico, unha análise de riscos, de conformidade cos requisitos que se establecen no número 3 deste mesmo artigo, para propor a súa inclusión no Catálogo, e que poderá ser utilizado para determinar a estratexia de xestión e posible erradicación. Daráselles prioridade a aquelas especies que demostraron o seu carácter invasor noutros países ou rexións.

2. Así mesmo, para a utilización de especies exóticas na restauración ambiental de obras públicas e nos movementos de terras e areas procedentes de escavación de obras ou as terras para xardinaría e viveiros ou outros lugares, será necesario realizar unha análise de riscos, segundo o disposto no seguinte punto.

3. A análise de riscos conterá, polo menos, información sobre:

- a. Nome científico e vulgar da especie.
- b. Mención específica a se a especie se cría en cativeiro.
- c. Actuacións previstas que se realizarán en caso de escape ou liberación accidental.
- d. Valoración das probabilidades de:

- 1.º Escape ou liberación accidental.
- 2.º Establecemento na natureza.

- 3.º Converterse en praga.
  - 4.º Causar dano ambiental ás especies autóctonas, aos hábitats ou aos ecosistemas, á agronomía ou aos recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.
  - 5.º Viabilidade e técnicas de control, erradicación ou contención.
- e. Coñecemento da problemática, en caso de existir, causada pola especie noutros lugares.
  - f. Existencia de medios eficaces para reducir riscos de escape ou liberación accidental.

*Artigo 7. Información contida nos rexistros.*

1. O rexistro do Catálogo e Lista inclúe para cada unha das especies a seguinte información:

- a. Denominación científica, nomes vulgares e posición taxonómica.
- b. Proceso administrativo da súa inclusión.
- c. Ámbito territorial ocupado pola especie.
- d. Criterios e breve xustificación técnica e científica das causas da inclusión ou exclusión.
- e. Referencia ás estratexias e aos plans de prevención, control e posible erradicación aprobados polas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla ou outras autoridades competentes, ou ás estratexias aprobadas pola Administración xeral do Estado que afecten a especie.

2. A información contida no rexistro do Catálogo e da Lista será subministrada e actualizada polas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla ou polo propio MARM.

*Artigo 8. Efectos da inclusión dunha especie no Catálogo ou na Lista.*

1. A inclusión dunha especie no Catálogo e Lista e de acordo co artigo 52.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, comporta a prohibición da súa introdución no medio natural, en todo o territorio nacional e nas zonas mariñas baixo soberanía ou xurisdición española. Desta prohibición exceptúanse, logo do control administrativo da comunidade autónoma, se é o caso, as especies da Lista introducidas en recintos vinculados a actividades humanas e illados do medio natural.

2. A inclusión dunha especie no Catálogo, de acordo co artigo 61.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, comporta a prohibición xenérica da súa posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos, dos seus restos ou propágulos, incluíndo o comercio exterior. Esta prohibición poderá quedar sen efecto, logo de autorización administrativa, cando sexa necesario por razóns de investigación, saúde ou seguridade das persoas.

3. A liberación dunha especie exótica non incluída na Lista ou no Catálogo, e de acordo co artigo 52.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, requirirá unha autorización administrativa previa da autoridade competente ambiental, baseada nunha análise de riscos que así o aconselle, segundo o establecido no artigo 6.3.

4. Das prohibicións establecidas nos puntos anteriores exceptúanse os exemplares das especies incluídas no Catálogo afectadas pola disposición adicional terceira da Lei 42/2007, do 13 de decembro, mentres se manteñan nas condicións establecidas na súa normativa sectorial.

5. Os exemplares das especies animais incluídas no Catálogo que sexan capturados, retidos ou extraídos da natureza por calquera procedemento, non poderán ser devoltos ao medio natural excepto por razóns de investigación. En caso de seren capturados ou retidos por un particular, este deberá entregar o exemplar ou exemplares ás autoridades competentes, ou proceder á súa eliminación ou retirada do medio natural segundo a normativa vixente.

6. Para realizar o seguimento sobre o comportamento invasor das especies incluídas no Catálogo e na Lista existentes no medio natural e evitar a súa expansión, as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e os órganos competentes da Administración xeral do Estado adoptarán, se for caso, as medidas necesarias e apropiadas para a súa xestión, control e posible erradicación.

7. En ningún caso se poderán recoller actuacións ou comportamentos destinados ao fomento das especies incluídas na Lista e no Catálogo. En particular, no exercicio da pesca en augas continentais quedará prohibida a utilización como cebo vivo ou morto de calquera exemplar das ditas especies, ou das súas partes e derivados.

### CAPÍTULO III

#### **Medidas de prevención e de loita contra as especies exóticas invasoras**

##### *Artigo 9. Medidas urxentes.*

Caso de se constatar a existencia dunha ameaza grave producida pola aparición dunha especie exótica invasora, incluída ou non no Catálogo ou na Lista e paralelamente ao establecido no artigo 5.6, informarase a rede de alerta establecida no artigo 13, e aplicaranse de forma urxente por parte das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla ou outras autoridades competentes, en coordinación co MARM, as medidas necesarias para o seguimento, control e posible erradicación no marco do operativo establecido na rede de alerta.

##### *Artigo 10. Medidas de loita contra as especies exóticas invasoras da Lista e do Catálogo.*

1. As administracións competentes, se for o caso, adoptarán as medidas de xestión, control e posible erradicación das especies incluídas no Catálogo e na Lista. Estas medidas irán sendo adoptadas segundo as prioridades determinadas pola gravidade da ameaza e o grao de dificultade previsto para a súa erradicación, de acordo co marco que para tal efecto dispoñan as estratexias definidas no artigo 13.

2. No caso de detección de especies do Catálogo en mercadorías comerciais, as autoridades competentes procurarán a inmovilización e illamento da mercadoría en que se detecte, ata que se garanta que se encontra desprovista de propágulos ou elementos con capacidade dispersiva destas especies. Se isto último non fose posible, deberase efectuar a limpeza, desinfección ou destrución da dita mercadoría.

3. As administracións competentes aplicarán medidas de prevención, control e xestión das especies incluídas na Lista e no Catálogo nas actividades recreativas e deportivas desenvolvidas nas augas continentais. No caso de especies do Catálogo e da Lista detectadas en augas de lastre de embarcacións, aplicaranse as medidas de prevención, control e xestión establecidas pola Organización Marítima Internacional na materia, especialmente a través do disposto no Convenio internacional para o control e a xestión da auga de lastre e os sedimentos dos buques de 2004 e polas directrices e criterios establecidos nos convenios rexionais de protección do medio mariño.

4. As autoridades competentes poderán exixir aos promotores de obras en leitos fluviais que se informen sobre a presenza de especies do Catálogo e da Lista, naquelas masas de auga que van ser orixe de transvasamentos ou desviacións temporais de auga. En caso de presenza destas especies, revisarase o proxecto para estudar alternativas e medidas de prevención que non impliquen dispersión, ou valorarase a execución do proxecto. Do mesmo modo, se se executan traballos en leitos afectados por especies do Catálogo e da Lista deberánse aplicar protocolos preventivos de dispersión das especies a leitos non afectados.

5. As administracións competentes exixirán aos titulares das instalacións ou explotacións industriais ou comerciais que alberguen especies incluídas na Lista e no Catálogo, vinculadas directa ou indirectamente pola súa actividade a estas especies, a adopción de medidas preventivas apropiadas e suficientes, incluíndo a regulación da súa



localización, para previr escapes, liberacións e verteduras. Estas medidas, se é o caso, poderán ser obxecto dun desenvolvemento regulamentario polas autoridades competentes, que poderán requirir aos titulares a disposición de protocolos de actuación en caso de liberación accidental. Neste suposto poderase establecer un rexistro dos movementos das especies catalogadas obxecto de cría, que serán autorizados polas autoridades competentes e fixarán regulamentariamente as súas condicións.

6. As autoridades competentes só poderán autorizar novas explotacións gandeiras e ampliacións das de animais de produción ou domésticos recollidas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, que utilicen exemplares de especies incluídas no Catálogo e na Lista, cando estean debidamente xustificadas e con medidas precautorias suficientes, e que serán excepciónais para as especies do Catálogo, logo da análise de riscos favorable do artigo 6. Neste suposto inclúense as explotacións de cría do visón americano («Neovison vison») e de calquera especie de cangrexo exótico de augas continentais.

7. As autoridades competentes nas respectivas materias informarán a Dirección Xeral da localización, extensión e características das explotacións sinaladas nos puntos 10.5 e 10.6 que alberguen especies do Catálogo. Sempre que a especie o permita estableceranse sistemas apropiados de identificación e/ou marcación dos exemplares.

8. As autoridades competentes adoptarán medidas para evitar o abandono de restos de especies vexetais exóticas, a excepción dos acumulados no marco de campañas de erradicación sempre e cando non supoñan un risco de dispersión.

9. As autoridades competentes poderán requirir os titulares de terreos para que faciliten información e acceso aos representantes das autoridades competentes co fin de verificar a presenza de especies exóticas invasoras e, se é o caso, poder tomar as medidas adecuadas para o seu control.

10. As autoridades competentes autorizarán os métodos e condicións de captura de especies incluídas no Catálogo máis adecuados para o seu control e posible erradicación, utilizando métodos e condicións baseados en criterios de selectividade e benestar animal.

#### Artigo 11. *Rede de alerta para a vixilancia de especies exóticas invasoras.*

1. Para facilitar a coordinación e a comunicación entre as administracións competentes créase a Rede de alerta para a vixilancia de especies exóticas invasoras. Esta rede estará integrada polos puntos focais designados polas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, polos órganos competentes da Administración xeral do Estado, e a oficina de coordinación do MARM na Dirección Xeral, sen prexuízo das competencias do Comité Fitosanitario Nacional da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do MARM.

2. A oficina de coordinación da rede de alerta terá a función de coordinar a información. Crearase ademais unha aplicación informática asociada cun sistema de información xeográfico de focos potenciais de invasións biolóxicas, para a difusión da información entre os puntos focais e a oficina de coordinación. Esta aplicación estará accesible ao público para asegurar a súa participación na rede de alerta. Así mesmo, a oficina de coordinación poderá pór en coñecemento da Fiscalía de Medio Ambiente os casos que considere necesario.

3. Os puntos focais da rede de alerta deberán:

- a. Crear, dentro do seu ámbito territorial, redes de alerta temperá.
- b. Informar de forma temperá a oficina de coordinación da presenza de novos focos ou poboacións de especies exóticas invasoras, e informar sobre a súa identificación, localización, riscos e extensión.
- c. Informar da resposta temperá con actuacións de erradicación ou control. Estas actuacións serán notificadas á Dirección Xeral, que avaliará se son adecuadas e nese caso estimarase que poidan recibir o apoio financeiro do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, segundo o definido no artigo 14.

## CAPÍTULO IV

**Estratexias de loita contra as especies exóticas invasoras**

Artigo 12. *Características das estratexias de xestión, control e posible erradicación.*

1. O MARM e as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla elaborarán conxuntamente estratexias de xestión, control e posible erradicación de especies exóticas invasoras incluídas no Catálogo, de conformidade co establecido no artigo 61.5 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

2. Poderanse elaborar igualmente, en caso de consideralo necesario, estratexias de xestión, control e posible erradicación de especies incluídas na Lista, ou incluír estas especies en estratexias multiespecíficas para a súa xestión e control. Así mesmo, poderanse realizar estratexias xerais de actuación en relación a grupos de especies, temáticas ou aspectos globais.

3. Na elaboración das estratexias daráselle prioridade a aquelas especies que supoñan un maior risco para a conservación da fauna, flora ou hábitats autóctonos ameazados, con particular atención á biodiversidade insular, así como aquelas que presenten maiores posibilidades de erradicación. Así mesmo, daráselle prioridade á elaboración de estratexias que afecten espazos naturais protexidos e espazos da Rede Natura 2000, así como medios insulares e augas continentais.

4. As estratexias que existisen con anterioridade á publicación do Catálogo deberanse adaptar e actualizar segundo o indicado no artigo 13.

5. As estratexias, que terán carácter orientativo, serán elaboradas polo MARM e as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla no marco dos comités, e serán aprobadas pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión, logo de consulta co Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Tras a súa aprobación, as estratexias serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 13. *Contido das estratexias de xestión, control e posible erradicación.*

As estratexias terán polo menos o seguinte contido:

- a. Definición da especie ou especies obxectivo e diagnóstico da súa problemática.
- b. Análise de riscos.
- c. Análise de vías de entrada.
- d. Medidas de actuación, definindo a estratexia que se debe seguir: xestión, control e posible erradicación.
- e. Distribución e abundancia.
- f. Actuacións de coordinación entre as diferentes administracións públicas.
- g. Actuacións de seguimento da eficacia de aplicación da estratexia.
- h. Actuacións de sensibilización e educación social sobre a problemática de especies exóticas invasoras.
- i. Análise económica dos custos da aplicación da estratexia sobre terceiros ou instalacións afectadas de forma involuntaria pola presenza de especies exóticas invasoras.

## CAPÍTULO V

**Financiamento e sancións**

Artigo 14. *Financiamento.*

O MARM proporcionará e convirá coas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla a prestación de axuda técnica e económica para a execución das medidas descritas nesta norma.

As accións necesarias para executar as medidas establecidas nas estratexias poderán recibir apoio financeiro do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, regulado no artigo 74 da Lei 42/2007, do 13 de decembro. De se aprobaren, asignaranse os orzamentos do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade para a adopción das medidas urxentes establecidas nestas estratexias, e por iniciativa da Dirección Xeral serán realizadas polo MARM as modificacións dos créditos iniciais do orzamento vixente que sexan posibles para a referida actuación, procedéndose, se é o caso, cando non exista crédito adecuado ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado, á tramitación dun crédito extraordinario ou suplementario do inicialmente previsto, nos termos previstos no artigo 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, financiados co citado fondo.

Artigo 15. *Sancións.*

O incumprimento das prohibicións e limitacións incluídas neste real decreto estará suxeito ao réxime sancionador previsto na Lei 42/2007, do 13 de decembro. Por outra parte, e se é o caso, seranlles de aplicación os réximes sancionadores das leis que afectan tanto a materia da presente norma, como as aplicables en materia de comercio: Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, e o Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo, pola que se desenvolve o título II da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, relativo ás infraccións administrativas de contrabando.

Disposición adicional primeira. *Competencias sobre biodiversidade mariña.*

O exercicio das funcións administrativas no referente á biodiversidade mariña exercerase de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

A adopción de medidas de xestión, control e posible erradicación por parte das administracións públicas adaptarase ao estipulado nos programas de medidas das estratexias mariñas que se aproben en virtude da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Híbridos, animais de compañía, animais de compañía exóticos, domésticos e de produción e plantas cultivadas con fins científicos asilvestrados no medio natural.*

A autoridade competente poderá considerar como especies exóticas invasoras para efectos da aplicación das medidas de loita contra as especies exóticas invasoras recollidas no artigo 10:

- a. Os exemplares híbridos de especies, subespecies e razas xeográficas alóctonas que se encontren en liberdade no medio natural.
- b. Os exemplares dos animais de compañía, animais de compañía exóticos, domésticos e de produción asilvestrados, sen prexuízo do establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, e no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, que regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.
- c. Os exemplares asilvestrados de especies de plantas exóticas cultivadas con fins científicos, de acordo co artigo 52.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Disposición adicional terceira. *Singularidade das illas.*

Consideraranse especies exóticas invasoras todas as especies introducidas que se reproduzan nas illas deshabitadas do litoral. A administración ambiental competente dará prioridade aos programas de restauración biolóxica nelas, incluíndo a erradicación destas especies, para o cal poderán contar co apoio financeiro definido no artigo 14 ou achegas específicas de fondos públicos con esta finalidade.

No caso da Comunidade Autónoma de Canarias, debido á inexistencia de masas de auga doce permanentes de orixe natural, non terán a consideración de especies exóticas

invasoras aquelas especies de peixes introducidos en infraestruturas destinadas á súa captación ou almacenamento. Neste suposto si se considerarán especies exóticas invasoras as especies de peixes presentes en leitos de auga doce naturais que figuren no Catálogo e na Lista.

Disposición adicional cuarta. *Comercialización de variedades de especies alóctonas por razóns fitosanitarias.*

De acordo co artigo 6 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, poderanse establecer, con carácter excepcional, limitacións á comercialización de variedades de especies alóctonas por razóns fitosanitarias, cando existan indicios de riscos para a saúde humana ou sanidade animal, así como para o ambiente, e polas razóns agronómicas que se establezan, para aquelas variedades ou razas que soamente poidan ser utilizadas en determinadas zonas ou condicións de cultivo.

Disposición adicional quinta. *Réxime específico para especies en parques zoolóxicos e xardíns botánicos.*

Das prohibicións establecidas nesta norma exceptúanse as especies animais asentadas en parques zoolóxicos autorizados conforme o establecido na Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos e as especies vexetais situadas nos xardíns botánicos científicos ao abeiro do artigo 61.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Disposición adicional sexta. *Disposicións específicas para o sapoconcho americano ou de Florida («Trachemys scripta»).*

As subespecies «Trachemys scripta scripta» e «Trachemys scripta troosti», inclúense no Catálogo a partir do 1 de maio 2013. Ata ese momento, procederase á substitución progresiva das ditas subespecies no comercio de animais de compañía, animais de compañía exóticos ou domésticos por especies non invasoras. Así mesmo, durante ese período, os titulares das instalacións e os particulares dedicados á venda adoptarán medidas de prevención adecuadas para evitar a introdución das citadas especies no medio natural.

Disposición adicional sétima. *Reparación do dano ambiental causado por especies exóticas invasoras.*

A prevención, evitación e reparación dos danos ambientais causados por especies exóticas invasoras realizaranse nos termos establecidos na lexislación básica en materia de responsabilidade ambiental e na normativa de desenvolvemento que aproben as comunidades autónomas.

Disposición adicional oitava. *Especies praga, organismos de control biolóxico exóticos recollidos na Lei 42/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, e especies sometidas ao Real decreto 289/2003 do 7 de marzo, sobre comercialización de materiais forestais de reprodución.*

Nos casos de importación de organismos de control biolóxico exóticos, a súa comercialización está condicionada á súa previa autorización conforme o establecido no número 1 do artigo 44 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. O informe previo a que se refire o artigo 44 que deberá realizar o MARM, efectuarase tendo en conta o contido de análise de riscos segundo as especificacións do artigo 6.

As especies incluídas no Catálogo e na Lista declaradas praga ou praga de corentena segundo o establecido na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, rexeranse pola normativa comunitaria e internacional en materia de sanidade vexetal que actualmente

as regula, en particular, pola normativa internacional de FAO, a través da Comisión de Medidas Fitosanitarias (CPM), da Convención Internacional de Protección de Plantas (IPPC), da normativa da Organización Europea e Mediterránea de Protección de Plantas (OEPP/EPPO) e da normativa comunitaria cuxa directiva base é a Directiva 2000/29/CE do Consello do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade. Para estes casos, estableceranse mecanismos de cooperación entre a Dirección de Recursos Agrícolas e Gandeiros e a Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal.

As especies incluídas no Catálogo e na Lista e, así mesmo, reguladas polo Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización de materiais forestais de reprodución, rexeranse pola súa normativa específica. As áreas dedicadas á súa plantación, cultivo ou explotación deberán ser autorizadas expresamente.

Disposición transitoria primeira. *Especies vexetais en viveiros ornamentais.*

As empresas ou particulares con instalacións dedicadas á produción e/ou venda de especies vexetais con aproveitamento ornamental e/ou de cultivo en viveiro incluídas no Catálogo e adquiridas antes da entrada en vigor desta norma, deberán informar a administración competente sobre a posesión destas especies. Estas especies vexetais con interese comercial inclúense no Catálogo con data do 1 de decembro de 2013. Ata ese momento procederase á substitución progresiva destas especies no comercio de plantas por especies non invasoras. Así mesmo, durante ese período, os titulares das instalacións e os particulares dedicados á venda destas especies adoptarán medidas de prevención adecuadas para evitar a introdución das citadas especies no medio natural. En ningún caso e durante ese período, poderán ser sementadas ou plantadas estas especies no medio natural, incluíndo as infraestruturas lineais de transportes e vías de comunicación.

Disposición transitoria segunda. *Especies introducidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 42/2007, do 13 de decembro, con fins cinexéticos, piscícolas e silvícolas.*

Para as especies incluídas no Catálogo e na Lista presentes no medio natural e introducidas legalmente con fins de caza, pesca ou silvicultura, antes da entrada en vigor da Lei 42/2007, do 13 de decembro, que figuran especificamente como tales nos anexos, e con obxecto de evitar que se estendan máis alá da súa área de distribución actual, a súa xestión, control e posible erradicación poderase realizar a través da caza, a pesca ou a silvicultura no marco de estratexias para tal efecto.

Co obxecto de limitar a súa expansión, as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla deberán elaborar unha delimitación cartográfica adecuada e específica da área onde se aplicará esta disposición, dentro da área de distribución da especie que figura no Inventario español do patrimonio natural e a biodiversidade, considerando exclusivamente a súa área de procedencia legal autorizada e de posterior expansión natural. Esta información deberá ser remitida á Comisión Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, para o seu coñecemento e informe, previamente á súa aprobación, no marco da correspondente estratexia dirixida a tal finalidade.

Para as especies introducidas ilegalmente antes da entrada en vigor da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e incluídas no Catálogo e na Lista, e aquelas introducidas legalmente detectadas fóra das súas áreas de distribución autorizadas, poderanse empregar artes e métodos de caza, pesca ou silvicultura, na execución das actividades previstas para a súa posible erradicación.

Cando se comprrobe, logo de consulta ao Comité Científico, que a actividade cinexética, piscícola ou silvícola dunha especie citada nesta disposición, está fomentando a súa expansión e establecemento fóra da súa área de distribución actual, a Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal informará as comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla para que adopten as medidas oportunas conducentes ao fin deste aproveitamento.

Disposición transitoria terceira. *Animais de compañía, animais de compañía exóticos ou domésticos.*

Os exemplares das especies animais incluídas no Catálogo adquiridos como animais de compañía, animais de compañía exóticos ou domésticos antes da entrada en vigor deste real decreto, poderán ser mantidos polos seus propietarios, aínda que deberán informar, no prazo máximo dun ano, sobre a dita posesión as autoridades competentes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla. Estas autoridades poderán establecer, se é o caso, sistemas apropiados de identificación e/ou marcación (tatuaxe, pendente, microchip e rexistro veterinario), sempre que sexa factible e necesario, e solicitarán a sinatura dunha declaración responsable polo propietario. Os propietarios deberán informar con carácter inmediato da liberación accidental de animais e non poderán comercializar, reproducir, nin ceder a outro particular estes exemplares. Como alternativa ao establecido anteriormente, as autoridades competentes facilitarán, en caso de solicitarse, a entrega voluntaria dos animais referidos. Esta entrega poderase realizar en primeira instancia e de forma temporal, e mentres son recollidos polas autoridades competentes nesta materia, en puntos de venda de animais de compañía ou domésticos e núcleos zoolóxicos legalmente constituídos que poidan ser recoñecidos pola autoridade competente como habilitados para isto.

Disposición transitoria cuarta. *Especies vexetais en posesión de particulares ou situados en parques urbanos e xardíns públicos.*

